



Natalia Arestova

Natalia naceu en Rusia, concretamente na rexión de Krasnoyarsk (Zheleznigorsk).

Comezou a estudar viola na súa cidade natal. A partir do seu primeiro contacto coa música non deixou de estudar e experimentarse coa viola, o violín e a música de cámara.

Realiza concertos por todo o mundo, formando parte de diferentes agrupacións e participando en festivais de música orquestral.

Páxina web persoal:
<https://aresvi.wixsite.com/natalia-arestova/>

Natalia Arestova

MESTRA VIOLA E MÚSICA DE CÁMARA

Historial Académico

Comezou a estudar viola en Krasnoyarsk. En 2013 recibe un diploma como artista, mestra e concertino por parte do *Ural State Conservatory* da man de Evgeny Zheleznyakov. Posteriormente obtivo o seu diploma de postgrado en música de cámara ca Dra. Elena Lukyanova por parte da mesma institución.

Natalia obtivo unha maestría pola *Ural Pedagogical University* en "Xestión en Arte e Dirección Artística".

Experiencia

Forma parte de diferentes festivais como «Symphonic Orchestras of the World Festival» onde actuou coa United Russian Symphonic Orchestra (Moscú, Rusia); «Classics in the Streets» (Bad Ragaz, Suíza); «Young Euro Classics» (Berlín, Alemaña); «Suoni dal Golfo» (Lerici, Italia); 65th «Festival Puccini» (Torre di Lago, Italia), entre outros.

Realizou concertos con diferentes agrupacións como Tomsk Symphony Orchestra; o «InterText»; o Ekaterinburg Opera and Ballet Theatre; e o Tyumen Philharmonic Orchestra.

Entre os anos 2017 e 2018 tocou en agrupacións de música de cámara na Beijing Exposition Center.

A súa participación en festivais e traballo en orquestras permitiu a Natalia compartir escenario con músicos e directores como: Valery Gergiev, Luca Ranieri, Alexander Kantorov, Sergei Krylov, Anna Tifu, Yuri Bashmet, Vadim Repin, Sergei Nakaryakov, Michael Gutler, Mark Gorenstein, Oliver von Dohnanyi, Gianluca Marciano, Aziz Shokhakhimov, Vladimir Neimer, Valentin Uryupin, Maxim Emelianychev, Vladimir Stopichev, Venera Gimadieva, Mikhail Tatarnikov, Denis Matsuev, Dmitry Hvorostovsky, e Juan Diego Florez.

Defensora da música contemporánea, é a organizadora do festival de música contemporánea no Conservatorio Ural e traballa con compositores como Paolo Ugoletti, Anna Cazzura, Luiz Casteloes e Roberto Di Marino.